

**ACTA NÚMERO: 34/2023**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 2 DE NOVEMBRO DE 2023.**

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 2 de novembro de 2023 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidenta:** Maria Isabel Couselo Torres, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
- Dona Fátima Monteagudo Pereira, Técnica de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 26 de outubro de 2023 (Reunión 33/2023).*
2. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do Seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023052969).*
3. *Proposta de adxudicación do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do Oral no Concello de Tui. (Expte.- 2023034850)*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do Oral no concello de Ponteareas. (Expte.- 2023010415)*
5. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023010892).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023010892).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación e mantemento dunha plataforma de formación innovadora dentro do proxecto "Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra" cofinanciado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a través da convocatoria de 2022 para a financiación de proxectos promovidos por entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra o despoboamento. (Expte.- 2023030012).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación e mantemento dunha plataforma de formación innovadora dentro do proxecto "Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra" cofinanciado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a través da convocatoria de 2022 para*



*a financiación de proxectos promovidos por entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra o despoboamento. (Expte.- 2023030012).*

9. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente a documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dos servizos de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos do proxecto IDAE núm. PR-D5000-2021000380 Instalacións xeotérmicas sostibles II. (Expte.- 2023058559).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG e D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifiestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

#### **1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 26 de outubro de 2023 (Reunión 33/2023).***

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente ao día, 26 de outubro de 2023 (Reunión 33/2023).

#### **2. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do Seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023052969).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 29 de setembro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto e tramitación anticipada, do "*Seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra*". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 2 de outubro de 2023. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 19 de outubro de 2023, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras. As empresas admitidas foron as seguintes:



- LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE LTD. SUC. ESPAÑA (NIF: W0069547H)
- XL INSURANCE COMPANY SE, SUCURSAL EN ESPAÑA (NIF: W0065403H)
- HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF: A41003864).

Na reunión da Mesa de Contratación do día 19 de outubro de 2023 tamén se procedeu á apertura electrónica dos sobre B correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

**LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE LTD. SUC. ESPAÑA (NIF: W0069547H)**

1. Prima **total anual** ofertada: 76.371,41€
2. Criterios cualitativos avaliables mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación de fórmulas:
  - A empresa oferta a inclusión de cobertura para os danos sufridos polos bens asegurados por cambios de temperatura e de humidade no ambiente, condensación, influencia progresiva do frío e a calor, danos por cambios de cor producidos pola acción da luz natural ou artificial ou por calquera outra causa: NON
  - A empresa oferta a inclusión dos danos por contaminación, polución ou calquera outro tipo de residuos, así como o custo de extracción dos materiais contaminantes e os gastos para substituír o ben danado: NON
  - A empresa oferta a cláusula de recompra: SI
  - A empresa oferta a cláusula de reparación e restauración: SI
  - A empresa oferta a cláusula obras expostas ao aire libre: SI
  - A empresa oferta cláusula de gastos de recompensa e recuperación de obxectos perdidos: SI
  - A empresa oferta a cláusula de limpeza de cascallos: SI
  - A empresa oferta a cláusula de arbitraje: SI
  - A empresa oferta a cláusula de gastos por transporte e almacenaxe durante situacións de emerxencia: SI
  - A empresa oferta a cláusula de falecemento do artista: SI
  - A empresa oferta a cláusula de título defectuoso: SI
  - A empresa oferta a cláusula de 72 horas: SI
  - A empresa oferta a cláusula por insuficiencia de embalaxe: SI
  - A empresa oferta a cláusula de franquicia consorcio de compensación de seguros: NON

**XL INSURANCE COMPANY SE, SUCURSAL EN ESPAÑA (NIF: W0065403H)**

1. Prima **total anual** ofertada: 67.691,87 €
2. Criterios cualitativos avaliables mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación de fórmulas:



- A empresa oferta a inclusión de cobertura para os danos sufridos polos bens asegurados por cambios de temperatura e de humidade no ambiente, condensación, influencia progresiva do frío e a calor, danos por cambios de cor producidos pola acción da luz natural ou artificial ou por calquera outra causa: NON
- A empresa oferta a inclusión dos danos por contaminación, polución ou calquera outro tipo de residuos, así como o custo de extracción dos materiais contaminantes e os gastos para substituír o ben danado: NON
- A empresa oferta a cláusula de recompra: SI
- A empresa oferta a cláusula de reparación e restauración: SI
- A empresa oferta a cláusula obras expostas ao aire libre: SI
- A empresa oferta cláusula de gastos de recompensa e recuperación de obxectos perdidos: SI
- A empresa oferta a cláusula de limpeza de cascallos: SI
- A empresa oferta a cláusula de arbitraje: SI
- A empresa oferta a cláusula de gastos por transporte e almacenaxe durante situacións de emerxencia: SI
- A empresa oferta a cláusula de falecemento do artista: SI
- A empresa oferta a cláusula de título defectuoso: SI
- A empresa oferta a cláusula de 72 horas: SI
- A empresa oferta a cláusula por insuficiencia de embalaxe: NON
- A empresa oferta a cláusula de franquicia consorcio de compensación de seguros: SI

**HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF: A41003864)**

1. Prima **total anual** ofertada: 62.802,67 €
2. Criterios cualitativos avaliados mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación de fórmulas:
  - A empresa oferta a inclusión de cobertura para os danos sufridos polos bens asegurados por cambios de temperatura e de humidade no ambiente, condensación, influencia progresiva do frío e a calor, danos por cambios de cor producidos pola acción da luz natural ou artificial ou por calquera outra causa: NON
  - A empresa oferta a inclusión dos danos por contaminación, polución ou calquera outro tipo de residuos, así como o custo de extracción dos materiais contaminantes e os gastos para substituír o ben danado: NON
  - A empresa oferta a cláusula de recompra: SI
  - A empresa oferta a cláusula de reparación e restauración: SI
  - A empresa oferta a cláusula obras expostas ao aire libre: SI



- A empresa oferta cláusula de gastos de recompensa e recuperación de obxectos perdidos: SI
- A empresa oferta a cláusula de limpeza de cascallos: SI
- A empresa oferta a cláusula de arbitraje: NON
- A empresa oferta a cláusula de gastos por transporte e almacenaxe durante situacións de emerxencia: SI
- A empresa oferta a cláusula de falecemento do artista: SI
- A empresa oferta a cláusula de título defectuoso: NON
- A empresa oferta a cláusula de 72 horas: NON
- A empresa oferta a cláusula por insuficiencia de embalaxe: SI
- A empresa oferta a cláusula de franquicia consorcio de compensación de seguros: NON

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que, as ofertas presentadas polas empresas LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE LTD. SUC. ESPAÑA (NIF: W0069547H), XL INSURANCE COMPANY SE, SUCURSAL EN ESPAÑA (NIF: W0065403H) e HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF: A41003864), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito, a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir ás citadas empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustificaran as ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

Unha vez presentadas as xustificacións por parte das tres compañías aseguradoras, o servizo de Contratación remite a documentación á empresa adxudicataria do servizo de mediación de riscos e seguros da Deputación de Pontevedra, WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A, a efectos de que elabore o informe sobre a xustificación dos valores anormais das ofertas económicas presentadas polas empresas licitadoras.

Visto o informe emitido, en data 26/10/2023, pola empresa WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A, (CSV: GM8DUONQYUH973KC), os técnicos do Museo de Pontevedra, mediante informe de data 30/10/2023 (CSV: VTGLOGWYIM1S41VV) consideran que as xustificacións presentadas polas tres empresas xustifican de forma correcta as súas ofertas económicas, polo que lle propuxo á Mesa de Contratación que foran todas admitidas.

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre B de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:



<b>CRITERIOS DE VALORACIÓN</b>	<b>HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA</b>	<b>XL INSURANCE COMPANY SE</b>	<b>LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUR. LTD</b>
Menor prezo ofertado da prima total anual, ata un máximo de 72 puntos	72,000	63,594	49,449
A empresa oferta a inclusión de cobertura para os danos sufridos polos bens asegurados por cambios de temperatura e de humidade no ambiente, condensación, influencia progresiva do frío e a calor, danos por cambios de cor producidos pola acción da luz natural ou artificial ou por calquera outra causa, 2 puntos.	0,000	0,000	0,000
A empresa oferta a inclusión dos danos por contaminación, polución ou calquera outro tipo de residuos, así como o custo de extracción dos materiais contaminantes e os gastos para substituír o ben danado, 2 puntos.	0,000	0,000	0,000
A empresa oferta a cláusula de recompra, 2 puntos.	2,000	2,000	2,000
A empresa oferta a cláusula de reparación e restauración, 2 puntos.	2,000	2,000	2,000
A empresa oferta a cláusula obras expostas ao aire libre, 2 puntos.	2,000	2,000	2,000
A empresa oferta cláusula de gastos de recompensa e recuperación de obxectos perdidos, 2 puntos.	2,000	2,000	2,000
A empresa oferta a cláusula de limpeza de cascallos, 2 puntos.	2,000	2,000	2,000
A empresa oferta a cláusula de arbitraje, 2 puntos.	0,000	2,000	2,000
A empresa oferta a cláusula de gastos por transporte e almacenaxe durante situacións de emerxencia, 2 puntos.	2,000	2,000	2,000
A empresa oferta a cláusula de falecemento do artista, 2 puntos.	2,000	2,000	2,000
A empresa oferta a cláusula de título defectuoso, 2 puntos.	0,000	2,000	2,000
A empresa oferta a cláusula de 72 horas, 2 puntos.	0,000	2,000	2,000
A empresa oferta a cláusula por insuficiencia de embalaxe, 2 puntos.	2,000	0,000	2,000
A empresa oferta a cláusula de franquicia consorcio de compensación de seguros, 2 puntos.	0,000	2,000	0,000
<b>TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE B</b>	<b>88,000</b>	<b>85,594</b>	<b>71,449</b>





A Mesa de Contratación acorda:

1) Aprobar o informe dos técnicos do Museo de Pontevedra de data 30/10/2023 (CSV: VTGLOGWYIM1S41VV) e, en base ao mesmo, considerar xustificadas as ofertas presentadas polas empresas LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE LTD. SUC. ESPAÑA (NIF: W0069547H), XL INSURANCE COMPANY SE, SUCURSAL EN ESPAÑA (NIF: W0065403H) e HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF: A41003864), no referente ao prezo ofertado.

2) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación do *Seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra*, que quedan da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESAS LICITADORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF: A41003864)	88,000
2ª	XL INSURANCE COMPANY SE, SUCURSAL EN ESPAÑA (NIF: W0065403H)	85,594
3ª	LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE LTD. SUC. ESPAÑA (NIF: W0069547H)	71,449

3) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra á empresa HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF: A41003864), conforme ao seguinte detalle:

A. Prima **total anual** ofertada: 62.802,67 €

B. Criterios cualitativos avaliados mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación de fórmulas:

- A empresa oferta a inclusión de cobertura para os danos sufridos polos bens asegurados por cambios de temperatura e de humidade no ambiente, condensación, influencia progresiva do frío e a calor, danos por cambios de cor producidos pola acción da luz natural ou artificial ou por calquera outra causa: NON
- A empresa oferta a inclusión dos danos por contaminación, polución ou calquera outro tipo de residuos, así como o custo de extracción dos materiais contaminantes e os gastos para substituír o ben danado: NON
- A empresa oferta a cláusula de recompra: SI
- A empresa oferta a cláusula de reparación e restauración: SI
- A empresa oferta a cláusula obras expostas ao aire libre: SI
- A empresa oferta cláusula de gastos de recompensa e recuperación de obxectos perdidos: SI



- A empresa oferta a cláusula de limpeza de cascallos: SI
- A empresa oferta a cláusula de arbitraje: NON
- A empresa oferta a cláusula de gastos por transporte e almacenaxe durante situacións de emerxencia: SI
- A empresa oferta a cláusula de falecemento do artista: SI
- A empresa oferta a cláusula de título defectuoso: NON
- A empresa oferta a cláusula de 72 horas: NON
- A empresa oferta a cláusula por insuficiencia de embalaxe: SI
- A empresa oferta a cláusula de franquicia consorcio de compensación de seguros: NON

**3. Proposta de adjudicación do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do Oral no Concello de Tui. (Expte.- 2023034850).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial nº 2023005472, de data 05/07/2023, aprobouse o expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Tui.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra con data 01/09/2023. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 21/09/2023, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, presentada polas empresas licitadoras.

As empresarias admitidas foron as seguintes:

- María Cristina Rosendo Carrera (35563420S)
- María Luisa Ferreira Peixoto (35493129N)

Na mesma reunión, a Mesa de Contratación procedeu á descriptación e descarga da documentación dos sobres "B", correspondentes aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor. Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación descargada dos sobres "B" ao persoal técnico dos servizos do ORAL e Arquitectura, para que avalásen e ponderasen as propostas técnicas segundo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este concurso público.





O Servizo ORAL remite informe dos técnicos do Servizo de Arquitectura, de data 18/10/2023, co nº CSV 166OU1QJM8LZL7FI, concluíndo o seguinte: “Logo de analizar a documentación presentada, de realizar unha visita de inspección aos locais ofertados o 04.10.2023, e tendo en conta os requisitos esixidos no prego de prescricións técnicas do expediente de referencia, conclúese que o local 2 ofertado CUMPRE en liñas xerais cos requisitos técnicos esixidos no dito prego, obtendo unha puntuación de 20 puntos.”

A Mesa de Contratación, na sesión do día 26/10/2023, á vista do exposto no informe emitido polos técnicos do Servizo de Arquitectura, de data 18/10/2023, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión da empresaria, María Luisa Ferreira Peixoto (DNI: 35493129N), por non cumprir e non axustarse o establecemento aos requisitos esixidos no prego de cláusulas económico administrativas particulares nin no prego de prescricións técnicas, e prestar conformidade ás puntuación acadadas pola empresaria, María Cristina Rosendo Carrera (DNI: 35563420S) na valoración técnica da oferta presentada para optar á adxudicación do contrato, procedendo no seu caso á apertura do sobre C na mesma sesión.

Os valores ofertados por María Cristina Rosendo Carrera (DNI: 35563420S), única persoa licitadora admitida, foron os seguintes:

1. Menor prezo ofertado sobre o prezo mensual de licitación sen IVE, en relación coa superficie construída do local:

Prezo mensual ofertado sen IVE	500,00 €/mes
IVE (21%)	105,00 €/mes
Prezo mensual ofertado total	605,00 €/mes

2. Metros cadrados de superficie construída do local ofertado: 94 metros cadrados.
3. Metros de distancia entre o local ofertado e o Concello de Tui: 600
4. Metros de distancia entre o local ofertado e unha zona de estacionamento de vehículos: “100 metros, aunque existe la posibilidad de aparcar enfrente”
5. Aseo dispoñible no local, que cumpra coa normativa vixente, a maiores do mínimo esixido: SÍ.

A continuación procedeuse á valoración da oferta económica, de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas



admitidas, e con data 30/10/2023 emítense o correspondente informe de puntuacións totais das ofertas presentadas (CSV: 0I5HOFXSAOGF5F60), obtendo María Cristina Rosendo Carrera a maior puntuación.

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Tui, que quedan da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓNS TOTAIS
1ª	María Cristina Rosendo Carrera (35563420S)	65 puntos

- 2) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adjudicación do contrato para o arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Tui, conforme ao seguinte detalle:

María Cristina Rosendo Carrera (35563420S)

- a. Menor prezo ofertado sobre o prezo mensual de licitación sen IVE, en relación coa superficie construída do local:

Prezo mensual ofertado sen IVE	500,00 €/mes
IVE (21%)	105,00 €/mes
Prezo mensual ofertado total	605,00 €/mes

- b. Metros cadrados de superficie construída do local ofertado: 94 metros cadrados.
- c. Metros de distancia entre o local ofertado e o Concello de Tui: 600
- d. Metros de distancia entre o local ofertado e unha zona de estacionamento de vehículos: “100 metros, aunque existe la posibilidad de aparcarse enfrente”



- e. Aseo dispoñible no local, que cumpra coa normativa vixente, a maiores do mínimo esixido: SÍ.

**4. Proposta de adxudicación do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Pontearreas.(Expte.- 2023010415).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 28 de xullo de 2023, aprobou o expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Pontearreas.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra con data 01/09/2023. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 21/09/2023, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- Francisco Outón Estévez (35787420H)

Na mesma reunión, a Mesa de Contratación do día 21/09/2023, procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor. Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B” ao persoal técnico dos servizos do ORAL e arquitectura, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas segundo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este concurso público.

O Servizo ORAL remite informe do Servizo de Arquitectura, de data 18/10/2023, co nº CSV 10GCQ1ZOE97C5RQ3, concluíndo o seguinte: “Logo de analizar a documentación presentada e dispoñible e de realizar unha visita de inspección ao local de referencia en data 04.10.2023, e tendo en conta os requirimentos esixidos no Prego de Prescricións Técnicas conclúese que o Local 1 ofertado CUMPRE cos requisitos técnicos esixidos no dito prego, obtendo unha puntuación de 29,5 puntos.”



A Mesa de Contratación, na súa sesión do día 26/10/2023, á vista do exposto no informe emitido polo servizo de Arquitectura, de data 18/10/2023, acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas polo licitador D. Francisco Outón Estévez (DNI: 35787420H) na valoración técnica da oferta presentada para optar á adxudicación do contrato e proceder na mesma sesión á apertura do sobre C.

Os valores ofertados por D. Francisco Outón Estévez (DNI: 35787420H), único licitador que presentou oferta, foron os seguintes:

**1. Prezo mensual ofertado**

Prezo mensual ofertado sen IVE	1.200,00 €/mes
IVE (21%)	252,00 €/mes
Prezo mensual ofertado total	1.452 €/mes

**2. Metros cadrados de superficie construída do local ofertado: 150**

**3. Metros de distancia entre o local ofertado e a Casa Consistorial do municipio de Ponteareas: 20**

**4. Metros de distancia entre o local ofertado e unha zona de estacionamento de vehículos: 180**

**5. Aseo dispoñible no local, que cumpra coa normativa vixente, a maiores do mínimo esixido: SI**

A continuación procedeuse á valoración da oferta económica, de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas, e con data 30/10/2023 emítese o correspondente informe de puntuacións totais das ofertas presentadas (CSV: UI0RI7P9SNFEOILH), obtendo Francisco Outón Estévez a maior puntuación.

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Ponteareas, que quedan da seguinte forma:**

<b>POSICIÓN</b>	<b>LICITADORES</b>	<b>PUNTUACIÓNS TOTAIS</b>
1ª	Francisco Outón Estévez (35787420H)	89,5 puntos



- 2) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato para o arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Pontearreas, conforme ao seguinte detalle:

Francisco Outón Estévez (35787420H)

- a. Prezo mensual ofertado

Prezo mensual ofertado sen IVE	1.200,00 €/mes
IVE (21%)	252,00 €/mes
Prezo mensual ofertado total	1.452 €/mes

- b. Metros cadrados de superficie construída do local ofertado: 150
- c. Metros de distancia entre o local ofertado e a Casa Consistorial do municipio de Pontearreas: 20
- d. Metros de distancia entre o local ofertado e unha zona de estacionamento de vehículos: 180
- e. Aseo dispoñible no local, que cumpra coa normativa vixente, a maiores do mínimo esixido: SI

**5. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023010892).***

O Secretario comenta que con data 17 de outubro de 2023, a empresa Enmacosa, Consultoría Técnica, S.A (A27812627) presentou un escrito onde sinala que houbo incidencias na plataforma de licitación Vortal, o que lles impediu presentar en prazo a oferta e solicitan do órgano de contratación unha ampliación do prazo de presentación de ofertas. Ante este feito e despois de consultar a empresa VORTAL, responsable da plataforma de licitación, o Xefe do Servizo de Contratación, emite un informe de data 2 de novembro de 2023, que figura no expediente co CSV: 2H32KULTIYJ43DHQ.

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno, adoptado na sesión do día 8 de setembro de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo para



a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 12 de setembro de 2023, aparecendo publicado o día 15 de setembro de 2023 (Anuncio de licitación 2023/S 178-553728), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 18 de setembro de 2023. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda:

Admitir as seguintes empresas nos lotes que se indican a continuación:

NÚMERO	DESCRICIÓN DO LOTE	EMPRESAS
Lote nº 1	Zona Norte	<ul style="list-style-type: none"><li>• INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.</li><li>• GALAICONTROL, S.L.</li><li>• EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.</li><li>• CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.</li></ul>
Lote nº 2	Zona Centro	<ul style="list-style-type: none"><li>• INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.</li><li>• GALAICONTROL, S.L.</li><li>• EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.</li><li>• CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.</li></ul>





Lote nº 3	Zona Sur	<ul style="list-style-type: none"> <li>• INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.</li> <li>• GALAICONTROL, S.L.</li> <li>• EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.</li> </ul>
Lote nº 4	Actuacións en edificacións, construcións ou instalacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>• INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.</li> <li>• GALAICONTROL, S.L.</li> <li>• CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.</li> </ul>

**6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023010892).**

O Secretario comenta que a Mesa de Contratación na sesión do día 2 de novembro de 2023 procedeu a efectuar a apertura do sobre "A", correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra.

As empresas admitidas nos catro lotes desde procedemento aberto foron as seguintes:

NÚMERO	DESCRIPCIÓN DO LOTE	EMPRESAS
Lote nº 1	Zona Norte	<ul style="list-style-type: none"> <li>• INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.</li> <li>• GALAICONTROL, S.L.</li> <li>• EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.</li> <li>• CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.</li> </ul>
Lote nº 2	Zona Centro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.</li> <li>• GALAICONTROL, S.L.</li> <li>• EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.</li> <li>• CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.</li> </ul>
Lote nº 3	Zona Sur	<ul style="list-style-type: none"> <li>• INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.</li> <li>• GALAICONTROL, S.L.</li> <li>• EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.</li> </ul>
Lote nº 4	Actuacións en edificacións, construcións ou instalacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>• INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.</li> <li>• GALAICONTROL, S.L.</li> <li>• CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.</li> </ul>

A continuación o Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.



Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente á documentación técnica avaliable mediante criterios de xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobre “B” que presentan as empresas admitidas, ao persoal técnico do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas polas empresas admitidas en cada un dos lotes (*Zona Norte, Zona Centro, Zona Sur e Actuacións en edificacións, construcións ou instalacións*) seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

**7. *Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación e mantemento dunha plataforma de formación innovadora dentro do proxecto “Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra” cofinanciado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a través da convocatoria de 2022 para a financiación de proxectos promovidos por entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra o despoboamento. (Expte.- 2023030012).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno, do día 13/10/2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de implantación e desenvolvemento evolutivo e correctivo dunha plataforma de formación innovadora dentro do proxecto “Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra” cofinanciado polo Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico a través da convocatoria de 2022 para a financiación de proxectos promovidos por entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra o despoboamento. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 16/10/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda:

Admitir a seguinte empresa:

- -CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL  
(CIF:B15757941)

**8. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación e mantemento dunha plataforma de formación innovadora dentro do proxecto "Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra" cofinanciado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a través da convocatoria de 2022 para a financiación de proxectos promovidos por entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra o despoboamento. (Expte.- 2023030012).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno, do día 13/10/2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de implantación e desenvolvemento evolutivo e correctivo dunha plataforma de formación innovadora dentro do proxecto "Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de



Pontevedra” cofinanciado polo Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico a través da convocatoria de 2022 para a financiación de proxectos promovidos por entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra o despoboamento. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 16/10/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor das empresas admitidas.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobre “B” que presentan as empresas admitidas, ao persoal técnico do Servizo de Promoción do emprego e desenvolvemento local, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

**9. *Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente a documentación administrativa e documentación avaliábeis mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dos servizos de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos do proxecto IDAE núm. PR-D5000-2021000380 Instalacións xeotérmicas sostíbeis II. (Expte.- 2023058559).***



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación número 2023007758 de data 13/10/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do "Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética das instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións de uso térmico da enerxía xeotérmica nos concellos da Cañiza e a Illa de Arousa, dentro do programa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17/10/2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas: Ingeniería solar y geotérmica S.L. (B-27881895)
2. Trasladar a documentación técnica descargada do sobre "A" que presentou a empresa admitida ó Servizo de Cooperación cos Municipios, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte e un minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

